

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE VILASANTAR (A CORUÑA) PARA O FINANCIAMENTO DE TRABALLOS COMPLEMENTARIOS PARA A CONTINUACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

REUNIDOS

Dunha parte María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Fernando Javier Pérez Fernández, alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I. O Concello de Vilasantar está a tramitar un PXOM, que foi aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 19.02.2014 (DOG núm. 50 do 13.03.2014 e núm. 92 do 15.05.2014), ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG).

II. O 19.03.2016 entrou en vigor a actual Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG), que na súa disposición transitoria segunda.2 regula que os plans aprobados inicialmente antes da súa entrada en vigor deberán adaptar plenamente as súas determinacións á LSG, e no que respecta á súa tramitación poderán adaptarse integramente á LSG ou continuar a súa tramitación a teor das normas procesuais da LOUG. A competencia para a súa aprobación rexeráse polo réxime establecido na LSG.

III. O 20.05.2020 entraron en vigor ás Normas técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (en adiante NNTTPP), aprobadas por Orde do 10 de outubro 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e modificadas pola Orde do 8 de abril de 2022 da mesma Consellería. O réxime transitorio das NNTTPP, para os documentos que contén con aprobación inicial na data de entrada en vigor das mesmas, establece que deberán adaptarse ao Título III das mesmas, e deberán achegar os datos xeográficos do documento vectorial en formato xeorreferenciado.



IV. Á vista do anterior, dende o inicio da redacción do PXOM do Concello de Vilasantar, e da súa aprobación inicial no ano 2014, se teñen aprobado varias normativas que requiren dunha adaptación do documento en redacción á nova realidade normativa, para poder finalizar a súa tramitación.

V. O Concello de Vilasantar, o 30.05.2025 (entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia núm. 2025/1537566) remitiu escrito solicitando á Xunta de Galicia colaboración para o financiamento da adaptación do documento en redacción ás NNTTPP, e para a redacción da Análise de Mobilidade do PXOM, a realizar polo actual equipo redactor do PXOM, URBEN CONSULTORES.

Para acadar a aprobación definitiva do PXOM do Concello de Vilasantar resulta imprescindible a incorporación da Análise da Mobilidade ao documento (artigo 58.b da LSG, desenvolvido polo artigo 139 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG - en adiante RLSG) así como a adaptación ás NNTTPP, segundo o disposto no seu réxime transitorio.

VI. Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o concello afectado poida continuar coa tramitación do PXOM ata acadar a súa aprobación definitiva, o que permitirá que o Concello conte cun marco urbanístico adaptado á normativa vixente, o que permitirá unha xestión racional do uso do solo do concello, a protección do seu patrimonio e medio ambiente, contribuirá a cohesión social e territorial, fomentando unha distribución máis equitativa de recursos e servizos, ofrecerá seguridade xurídica e un pulo ao desenvolvemento local.

VII. A finalidade da colaboración constitúe, deste xeito, unha razón de interese público que lle confire un carácter excepcional á axuda, obxecto do convenio. En consecuencia, consonte co artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

VIII. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 142/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101 do 27 de maio), polo que se establece a súa estrutura orgánica, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.



Tamén asume unha labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados a lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico. Neste sentido, cabe salientar as ordes de axudas e convenios de colaboración coas entidades locais para formulación do planeamento urbanístico.

IX. O Concello de Vilasantar ten atribuída a competencia para formular, tramitar e impulsar o seu planeamento, en virtude da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

X. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas considera axeitado colaborar co Concello de Vilasantar e para iso contribuirá cunha achega económica de como máximo de dezaseis mil novecentos corenta euros (16.940,00 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do custo dos traballos complementarios para a continuación da redacción do PXOM.

A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Vilasantar, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da actuación.

XI. O proceso de formulación do plan debe realizarse coordinadamente entre ambas as dúas Administracións asinantes, a través da colaboración na elaboración do instrumento de planeamento e da coordinación no exercicio das súas competencias respectivas, considerando as singulares circunstancias que, por motivos legais, concorren na redacción e tramitación do documento, ao tratarse dun procedemento especialmente complexo.

Polo exposto, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Vilasantar, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar esta colaboración, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vilasantar para o financiamento dos traballos complementarios para a continuación da redacción do PXOM.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA



A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo de dezaseis mil novecentos corenta euros (16.940,00 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do custo dos traballos complementarios para a continuación da redacción do PXOM, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.760.0, código de proxecto 2015 00253, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2.- A consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da prestación, unha vez que polo concello se presente a correspondente certificación de execución do correspondente contrato de servizos subscrito polo Concello de Vilasantar.

3.- A consellería resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Vilasantar, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vilasantar asume as seguintes obrigas:

1. Contratar o servizo de redacción dos traballos complementarios para a continuación da redacción do PXOM .

2. Facilitarlle o acceso a todo tipo de información, que teña relación co obxecto do presente acordo, á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

3. Así mesmo, o Concello de Vilasantar asume a obriga de financiar á súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.



Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para a o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que, de ser o caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade da achega, dentro do límite orzamentario establecido na cláusula segunda.

4. Presentar obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a correspondente rendición dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se indica de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, segundo o disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. A estes efectos, indica o artigo 3 do citado decreto, que con carácter xeral, considerárase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do concello. Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron os servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal competente; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 15 de decembro.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). Estes formularios só terán validez se están debidamente asinados polo representante legal da entidade correspondente ou persoa debidamente acreditada.

7. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8. Comunicarlle á Dirección Xeral de Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

9. Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

10. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as



obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

11. A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 e no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

12. O Concello de Vilasantar presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG núm. 153 do 9 de agosto). Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

13. Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio e mailo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de dezaseis mil novecientos corenta euros (16.940,00 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do custo de redacción dun plan especial de infraestruturas e dotacións, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao Concello de Vilasantar, contra a presentación por este da certificación ds traballo executados.

Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Así mesmo, deberá presentarse un certificado expedido pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa relativo a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se a actividade se financiara ademais de coa presente subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica aos límites pactados no presente convenio, polo que



non asumirá os aumentos que se puideran producir.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propondrá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas formarán parte da mesma, as persoas que ocupen a Dirección Xeral de Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a Subdirección Xeral de Urbanismo. Polo Concello de Vilasantar a comisión integraran a persoa que ocupe a alcaldía ou persoa en quen delegue, e o concelleiro/a responsable da área de urbanismo.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia



e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de



contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio nin o incremento do número de anualidades orzamentarias, consonte o disposto no artigo 47. Dous da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unanimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTO

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.
2. Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
3. O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente convenio na data sinalada.

A consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
María Martínez Allegue

O alcalde-presidente do Concello de Vilasantar
Fernando Javier Pérez Fernández

